

Escola Municipal de Música de A Estrada

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
INICIACIÓN

Curso 24/25

Prof: Ángel Vidal



Índice

1.	Introdución.....	2
1.1.	Xustificación.....	2
1.2.	Contexto.....	3
2.	A Materia de Iniciación.....	4
2.1.	Obxectivos Xerais da Materia de Iniciación	5
2.1.1.	Obxectivos Específicos de Música e Movemento	6
2.1.2.	Obxectivos Específicos da Practica Instrumental.....	6
2.2.	Iniciación I (4-5 anos).....	6
2.2.1.	Contidos Música e Movemento I.....	6
2.2.2.	Contidos Práctica Instrumental I	8
2.3.	Iniciación II (6 anos)	9
2.3.1.	Contidos Música e Movemento II.....	9
2.3.2.	Contidos Práctica Instrumental II	10
2.4.	Iniciación III (7 anos)	12
2.4.1.	Contidos Música e Movemento III.....	12
2.4.2.	Contidos Práctica Instrumental III	14
3.	Metodoloxía	16
3.1.	Principios Metodolóxicos Xerais	16
3.2.	Principios DUA.....	18
4.	Avaliación	19
4.1.	Criterios de Avaliación	22
4.1.1.	Criterios de Avaliación Iniciación I	22
4.1.2.	Criterios de Avaliación Iniciación II	24
4.1.3.	Criterios de Avaliación Iniciación III	27
5.	Atención á Diversidade	30

1. Introducción

1.1. Xustificación

A expresión artística é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos e, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural.

A educación artística é de especial relevancia, xa que segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións:

- **Sensorial e psicomotriz**, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade.
- **Intelectual**, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo.
- **Social e comunicativa**, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas.
- **Emocional e afectiva**, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade.
- **Estética e creativa**, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía.

A materia de Iniciación pretende ser un primeiro contacto dos alumnos/as coa música; dun xeito holístico, lúdico e completo. É dicir, unha forma de sensibilización musical temperá para o discente. A través desta adquirirá

capacidades e competencias fundamentais para continuar os estudos no Nivel Elemental da Escola de Música e/ou facilitar o seu futuro acceso á formación musical regrada, no Conservatorio Profesional de Música, e polo tanto, o seu desenvolvemento musical como instrumentistas.

Alén disto, a educación musical facilita o desenvolvemento integral do alumnado, empregando a música como elemento unificador e catalizador do traballo cooperativo, a creatividade e a sensibilidade musical. Non debemos tomar esta materia coma unha mera aproximación ao linguaxe musical, pois a través dela o alumnado desenvolverá capacidades cognitivas, psicomotrices e sociais que axudarán á súa evolución e maduración coma individuo.

A participación nesta materia é convinte para os nenos menores de 8 anos, pois, a través do xogo e a interacción social, axudará ao desenvolvemento das súas capacidades técnicas, expresivas e musicais que serán de grande valor como futuros instrumentistas.

Esta materia comprende o primeiro nivel dos tres ofertados dentro da Escola Municipal de Música de A Estrada, que responden á seguinte orde

- Nivel Iniciación (4 a 7 anos)
- Nivel Elemental (a partir dos 8 anos)
- Nivel Ampliación (non existe límite de permanencia)

1.2. Contexto

Esta Programación Didáctica está elaborada para os tres cursos de Iniciación da Escola de Música Municipal de A Estrada. Este centro, dependente da Concellaría de Educación do Concello de A Estrada, comparte infraestrutura e

recursos, materiais e humanos, co Conservatorio Profesional de Música de dita localidade.

A escola está situada no casco urbano de A Estrada, un concello de 20.000 habitantes, a 25km de Santiago de Compostela, no que o principal motor económico é o sector primario e terciario. A área de influencia do centro comprende, non só ao propio Concello de A Estrada, senón tamén as localidades limítrofes como Silleda, Teo ou Cuntis.

Por último, debemos destacar que tanto no núcleo urbano, coma na contorna da comarca contamos cunha gran tradición cultural e musical, con diferentes agrupacións musicais que complementan á perfección a formación musical dos nosos discentes.

2. A Materia de Iniciación

A materia de Iniciación encóntrase, como todas as ensinanzas que se ofertan na Escola de Música Municipal de A Estrada, no eido das **ensinanzas musicais non regradas**; o que quere dicir que non existe un currículo normativo no que se regule a mesma. Isto garante unha flexibilidade total á hora de atender as particularidades e necesidades específicas do alumnado.

Esta materia está orientada a nenos de 4 a 7 anos divididos en tres grupos por rangos de idade:

- Iniciación (4 e 5 anos)
- Iniciación II (6 anos)
- Iniciación III (7 anos)

Así mesmo, a fin última desta materia é a de formar aos discentes, ao longo dos tres cursos que comprenden a mesma, para a superación da Proba de Aptitude para o acceso ao **Grado Elemental do CMUS**, onde comezará a súa formación musical regrada polo **Decreto 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música; ou continuar a formación musical no **Nivel Elemental da Escola de Música**.

A materia de Iniciación está dividida en dúas grandes áreas, **Música e Movemento e Práctica Instrumental**, co fin de garantir un correcto desenvolvemento da psicomotricidade, da sensibilidade musical a través da práctica e unha aproximación á linguaxe musical e aos seus elementos.

2.1. Obxectivos Xerais da Materia de Iniciación

- **OBX A:** Descubrir **propostas artísticas musicais** a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.
- **OBX B:** Recoñecer os **elementos básicos específicos da linguaxe musical**, a través da percepción e da análise, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- **OBX C:** Expresar e **comunicar de maneira creativa ideas**, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son e do corpo.
- **OBX D:** Participar do deseño, elaboración e difusión **de producións culturais e artísticas musicais**, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

2.1.1. Obxectivos Específicos de Música e Movemento

- **OMM 1:** Adquirir os coñecementos musicais esenciais adecuados ao nivel educativo que lle permita ao alumnado enriquecer a súa relación coa música.
- **OMM 2:** Acceder aos códigos rítmicos que require a linguaxe musical básica.
- **OMM 3:** Desenvolver a capacidade esencial da escritura musical como elemento básico da linguaxe musical.
- **OMM 4:** Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.

2.1.2. Obxectivos Específicos da Practica Instrumental

- **OPI 1:** Desenvolver os recursos da **voz como vehículo de expresión musical**, proporcionando as capacidades necesarias para a comprensión dos elementos constitutivos da linguaxe musical.
- **OPI 2:** Desenvolver o **traballo vocal** de forma individual e en grupo.
- **OPI 3:** Desenvolver o **traballo instrumental** de forma individual e en grupo
- **OPI 4:** Coñecer os **elementos básicos da interpretación**, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical.

2.2. Iniciación I (4-5 anos)

2.2.1. Contidos Música e Movemento I

BLOQUE I: Os Instrumentos e as Familias.	
B1.1	Os instrumentos musicais.
B1.2	Clasificación instrumental: vento, corda e percusión.
B1.3	Identificación visual e auditiva de instrumentos musicais.
B1.4	Elaboración de instrumentos reciclados.

B1.5	Vocabulario específico.
------	-------------------------

BLOQUE II: Linguaxe Musical.	
B2.1	O pentagrama.
B2.2	A clave de Sol.
B2.3	As figuras musicais: redonda, branca e negra.
B2.4	Identificación dos elementos das figuras musicais: cabeza e plica.
B2.5	Vocabulario específico da linguaxe musical.

BLOQUE III: Calidades do Son.	
B3.1	As calidades básicas do son: timbre, altura, intensidade e duración.
B3.2	Distinción visual e auditiva das dinámicas musicais: <i>piano</i> e <i>forte</i> .
B3.3	Clasificación de sons atendendo á altura, a intensidade e a duración.
B3.4	Discriminación entre son e silencio.

BLOQUE IV: Ritmo e Lectura.	
B4.1	Percepción do pulso.
B4.2	Repetición de patróns rítmicos.
B4.3	Práctica e interiorización do silencio.
B4.4	Entoación de notas: Do4, Mi4 e Sol4.
B4.5	Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

2.2.2. Contidos Práctica Instrumental I

BLOQUE I: Interpretación Vocal.	
B1.1	Coñecemento da respiración e a vocalización na voz falada.
B1.2	Práctica vocal: iniciación á experimentación creativa e interpretación.
B1.3	Interpretación vocal das obras didácticas con acompañamento.
B1.4	Improvisación vocal con proposta previa.
B1.5	Hixiene e corrección postural.
B1.6	O silencio como elemento e condición indispensable durante a práctica vocal.

BLOQUE II: Interpretación Instrumental.	
B2.1	Práctica instrumental e corporal: experimentación creativa e interpretación.
B2.2	Introdución aos instrumentos de aula PAI.
B2.3	Improvisación instrumental sobre unha proposta previa.
B2.4	O silencio como elemento e condición indispensable durante a práctica instrumental.

BLOQUE III: Audición Activa.	
B3.1	Normas xerais de comportamento e actitude positiva na audición de propostas musicais.
B3.2	O silencio como elemento e condición indispensable para a audición.
B3.3	Audición de pezas instrumentais sinxelas.
B3.4	Asistencia a representacións musicais.

2.3. Iniciación II (6 anos)

2.3.1. Contidos Música e Movemento II

BLOQUE I: Os Instrumentos e as Familias.	
B1.1	Os instrumentos musicais.
B1.2	Clasificación instrumental: vento, corda e percusión.
B1.3	Agrupacións instrumentais: orquestra sinfónica e a banda de música.
B1.4	Identificación visual e auditiva de instrumentos musicais.
B1.5	Elaboración de instrumentos reciclados.
B1.6	Vocabulario específico.

BLOQUE II: Linguaxe Musical.	
B2.1	O pentagrama: normas básicas de escritura musical.
B2.2	A clave de Sol: identificación de notas musicais: Do4 - Do5.
B2.3	O pulso, o acento e o compás.
B2.4	As figuras musicais e os seus silencios: redonda, branca e negra.
B2.5	Recoñecemento visual e auditivo do valor das figuras e dos silencios.
B2.6	Identificación dos elementos das figuras musicais: cabeza e plica.
B2.7	Vocabulario específico da linguaxe musical.

BLOQUE III: Calidades do Son.	
B3.1	As calidades básicas do son: timbre, altura, intensidade e duración.
B3.2	Distinción visual e auditiva das dinámicas musicais: <i>piano</i> e <i>forte</i> .

B3.3	Recoñecemento dos elementos gráficos para a discriminación da intensidade: <i>p</i> e <i>f</i> .
B3.4	Clasificación de sons atendendo ao timbre, a altura, a intensidade e a duración.

BLOQUE IV: Ritmo e Lectura.	
B4.1	Percepción, identificación e interiorización do pulso.
B4.2	Interiorización de fórmulas rítmicas sinxelas.
B4.3	Práctica e interiorización do silencio.
B4.4	Recoñecemento de unidades métricas binarias.
B4.5	Lectura e entoación de notas en clave de Sol: Do4, Mi4 e Sol4.
B4.6	Ditados rítmicos sinxelos.
B4.7	Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

2.3.2. Contidos Práctica Instrumental II

BLOQUE I: Interpretación Vocal.	
B1.1	Coñecemento da respiración e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
B1.2	Práctica vocal: iniciación á experimentación creativa e interpretación a partir das posibilidades sonoras e expresivas.
B1.3	Interpretación vocal das obras didácticas con acompañamento.
B1.4	Improvisación vocal con proposta previa.
B1.5	Respiración consciente e hixiene e corrección postural.

B1.6	O silencio como elemento e condición indispensable durante a práctica vocal.
------	--

BLOQUE II: Interpretación Instrumental.	
B2.1	Práctica instrumental e corporal: experimentación creativa e interpretación, con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
B2.2	Interpretación con instrumentos de aula PAI de obras didácticas con acompañamento.
B2.3	Introdución aos instrumentos de aula PAD.
B2.4	Improvisación instrumental sobre unha proposta previa.
B2.5	Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
B2.6	O silencio como elemento e condición indispensable durante a práctica instrumental.

BLOQUE III: Audición Activa.	
B3.1	Normas xerais de comportamento e actitude positiva na audición de propostas musicais.
B3.2	O silencio como elemento e condición indispensable para a audición.
B3.3	Audición de pezas instrumentais sinxelas e identificación de agrupacións e instrumentos.
B3.4	Audición dunha selección de pezas musicais breves de estilos diferentes.

B3.5	Asistencia a representacións musicais.
------	--

2.4. Iniciación III (7 anos)

2.4.1. Contidos Música e Movemento III

BLOQUE I: Os Instrumentos e as Familias.	
B1.1	Os instrumentos musicais.
B1.2	Clasificación instrumental: familias e subfamilias.
B1.3	A produción do son dos instrumentos musicais: características xerais.
B1.4	Agrupacións instrumentais: a orquestra sinfónica, a banda de música, ensembles e agrupacións de cámara.
B1.5	Identificación visual e auditiva de instrumentos musicais.
B1.6	Elaboración de instrumentos reciclados.
B1.7	Vocabulario específico.

BLOQUE II: Linguaxe Musical.	
B2.1	O pentagrama: normas básicas de escritura musical.
B2.2	A clave de Sol: identificación de notas musicais: Do4 - Si5.
B2.3	Aproximación á clave de Fa.
B2.4	O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario.
B2.5	As figuras musicais e os seus silencios: redonda, branca, negra e corchea.
B2.6	Recoñecemento visual e auditivo do valor das figuras e dos silencios.

B2.7	Identificación dos elementos das figuras musicais: cabeza, plica e corchete.
B2.8	Identificación visual e auditiva das indicacións de tempo: adagio, andante e allegro.
B2.9	Signos de Repetición: Dobre barra e DC.
B2.10	Vocabulario específico da linguaxe musical.

BLOQUE III: Calidades do Son.	
B3.1	Identificación visual e auditiva das calidades básicas do son: timbre, altura, intensidade e duración.
B3.2	Distinción visual e auditiva das dinámicas musicais: <i>pianissimo</i> , <i>piano</i> , <i>forte</i> e <i>fortissimo</i> .
B3.3	Recoñecemento dos elementos gráficos para a discriminación da intensidade: pp, p, f, ff.
B3.4	Clasificación e representación de sons atendendo ao timbre, a altura, a intensidade e a duración.

BLOQUE IV: Ritmo e Lectura.	
B4.1	Percepción, identificación e interiorización do pulso.
B4.2	Percepción e identificación do acento.
B4.3	Fórmulas rítmicas básicas.
B4.4	Práctica e interiorización do silencio.
B4.5	Recoñecemento de unidades métricas binarias, ternarias e cuaternarias.

B4.6	Signos musicais de prolongación: ligadura e calderón.
B4.7	Lectura e entoación de notas en clave de Sol: Do4 - Do5.
B4.8	Ditados melódicos e rítmicos sinxelos.
B4.9	Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

2.4.2. Contidos Práctica Instrumental III

BLOQUE I: Interpretación Vocal.	
B1.1	Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
B1.2	Práctica vocal: aproximación á experimentación, exploración creativa e interpretación a partir das posibilidades sonoras e expresivas.
B1.3	Interpretación vocal das obras didácticas con acompañamento.
B1.4	Interpretación vocal de obras didácticas <i>a capella</i> .
B1.5	Improvisación vocal con proposta previa.
B1.6	Sensibilización pola afinación no canto vocal.
B1.7	Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
B1.8	O silencio como elemento e condición indispensable durante a práctica vocal.

BLOQUE II: Interpretación Instrumental.	
B2.1	Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como dos esforzos musculares que require a execución instrumental, e procura dun equilibrio satisfactorio entre ambos os factores.

B2.2	Práctica instrumental e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación, con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
B2.3	Interpretación con instrumentos de aula PAI e PAD de obras didácticas con acompañamento.
B2.4	Improvisación instrumental sobre unha proposta previa.
B2.5	Interiorización da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
B2.6	O silencio como elemento e condición indispensable durante a práctica instrumental.

BLOQUE III: Audición Activa.	
B3.1	Normas básicas de comportamento e actitude positiva na audición de propostas musicais.
B3.2	O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
B3.3	Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.
B3.4	Audición de pezas instrumentais e identificación de agrupacións e instrumentos.
B3.5	Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves de estilos diferentes.
B3.6	Asistencia a representacións musicais.

3. Metodoloxía

3.1. Principios Metodolóxicos Xerais

Son aqueles que configuran o conxunto de formas de pensar, proceder ou obrar e que dirixen a acción docente para conseguir os propósitos determinados nesta programación. Ditos principios metodolóxicos son os seguintes:

- Promover o desenvolvemento da capacidade de “**aprender a aprender**”: É un principio que repercute na consideración, explícita ou implícita, das diversas vertentes dos contidos. Así pois, a aprendizaxe é interiorización e adaptación. A competencia indica saber e saber facer. Por iso, é moi importante conseguir a plena autonomía dos alumnos.
- Impulsar a **participación activa** e o esforzo do alumno: A aprendizaxe significativa require actividade, física e mental, por parte do suxeito que aprende. Isto esixe esforzo persoal, que pode ser impulsado pola motivación cara a determinados tipos de contidos ou cara á forma en que se levan a práctica algunhas tarefas. Ao respecto, un dos principios da pedagogía moderna establece que “canto máis vivida e intensa sexa unha percepción, tanto mellor será a aprendizaxe que dela se produza”.
- Contribuír ao establecemento dun **clima de aceptación mutua e cooperación**: A labor do docente como mediador entre contidos e a actividade é esencial. Por iso, está cobrando un especial auxe a investigación sobre o papel que desempeñan os propios compañeiros nalgúns metas educativas. Joan Bonals sinala que “o traballo en grupo desenvolve importantes funcións, como a regulación das aprendizaxes, a socialización e a potenciación do equilibrio emocional”.

- **Partir do nivel de desenvolvemento do alumno:** Isto require coñecer as capacidades e coñecementos previos do alumno. Dado que coa mesma idade cronolóxica os alumnos poden presentar diferente grao de desenvolvemento psicoevolutivo, como establece Piaget, o proceso de ensinanza debe acomodarse a este, polo que non sempre será igual para todos os alumnos.
- Asegurar a construción de **aprendizaxes significativas**, para unha ensinanza lóxica e unha aprendizaxe en espiral: Así, debemos partir do que o alumno coñece para chegar ao que pretende aprender. Para iso debemos:
 - Propiciar **situacións motivadoras** ante o fenómeno musical traballando nun ambiente distendido e alegre que propicie a asimilación de novos conceptos.
 - Crear **contextos de aprendizaxes** que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos, sobre todo os automatizados, para que o alumno relacione os contidos novos cos xa asimilados para buscar solucións a problemas que se lle presenten no seu quefacer diario.
 - Promover un **ambiente de intercambio** como motor de aprendizaxe.
 - Posibilitar unha **intensiva actividade** (física e mental) por parte do alumno a través dun proceso de interactividade profesor-alumno e alumno-profesor. O mellor medio de traballo da música non é só reproducila, senón tamén creala, polo que se lle dá gran importancia á improvisación.
 - **Interdisciplinariedade**, que supón a existencia de múltiples e necesarias relacións entre as áreas e os seus contidos.
 - **Globalización**, que fai referencia a como o individuo percibe a realidade ou se formula o coñecemento da mesma, indo do xeral ao particular.

3.2. Principios DUA

Así mesmo, tamén teremos en conta os principios metodolóxicos do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), como son:

- Emprego de **diferentes tipos de representación**, proporcionando soportes e formatos variados para a información: por exemplo, a inclusión de información en texto, pictogramas ou recursos manipulativos.
- Uso de **múltiples formas de acción e expresión**, permitindo que o alumno escolla a forma de acceso e interacción coa información que máis lle conveña.
- Utilización de **múltiples formas de implicación** na práctica docente, poñendo o centro de atención na motivación do alumnado a través de actividades cooperativas que supoñan un desafío.

3.3. Principios Metodolóxicos Específicos

Estes son os principios básicos dunha metodoloxía que se foi desenvolvendo durante as cinco últimas décadas do século XX nos países centroeuropeos, onde a educación musical é un feito social. Grazas a eles, houbo un cambio na educación musical española.

- **Valor educativo da música.** A finalidade é a formación integral de todas as facultades do ser humano (cognitivas, afectivas, motrices e sociolóxicas), non só as musicais. Tamén é moi importante a transversalidade, posto que o carácter grupal de moitas das actividades musicais realizadas fai que a educación en valores sexa facilmente asumible.
- **Para todos.** Non só está dirixida aos máis dotados musicalmente. Non se trata de facer músicos, senón persoas que amen e utilicen a música.

- **Liberdade e creatividade.** Non importa tanto o resultado como o proceso de creación e a participación, porque prima a espontaneidade e non a intelectualización. A personalidade do alumno desenvólvese extraordinariamente coas actividades creativo-musicais ao poder dar renda solta á súa imaxinación.
- **Actividade,** posto que supón unha metodoloxía baseada na experimentación e participación, xa que damos prioridade aos procedementos e actitudes respecto aos conceptos. O coñecido pedagogo checo Komensky Comenius dixo que “sempre se aprende en xerundio”, polo que debemos aprender música facendo música. Este é un dos nosos principais principios pedagóxicos: partindo da práctica aprenderemos a teoría.
- **Carácter lúdico.** Xógase coa música a través de exercicios con aparencia de xogo, que por outro lado responden a uns obxectivos e unha programación rigorosamente elaborados. Como dixo Froebel, en educación xogamos coa música, pero a educación musical non é un xogo.
- **Enfoque global,** xa que se relaciona con outras áreas artísticas e co desenvolvemento xeral. Así, chégase do todo ás partes.
- **Variedade.** A aprendizaxe da música inclúe diversos aspectos: canto, instrumentos, movemento e danza, audición, iniciación á linguaxe musical...
- **Influencia na vida do alumno,** facendo que a música que se traballa na clase non quede aí, senón que se manifeste na súa vida escolar, familiar, na vila e o prepare para un ocio creativo.

4. Avaliación

Entendemos a avaliación como un proceso sistemático de toma de datos que nos axuda a xerar un xuízo de valor mediante a análise e a reflexión desa

información. Esta terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe; será **global, continua e formativa**, atendendo ao grao de desenvolvemento dos obxectivos xerais e específicos da materia, e ao seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe, que se verá reflectido nas nosas avaliacións a través dos criterios de avaliación.

Os diferentes tipos de avaliación planificados nesta PD son:

- **Avaliación inicial:** O obxectivo fundamental da avaliación inicial é coñecer cal é o nivel do que parte o noso alumnado, tanto no referente á calidade do coñecemento como ao grao de implicación e interese coa materia, así como detectar dificultades e establecer medidas de actuación. Grazas á avaliación inicial tamén poderemos recoller información sobre as diferentes dinámicas do grupo discente, e a forma de interacción entre eles e co profesorado. Dito proceso de avaliación dividírase en dúas etapas diferentes:
 - **Inicio de Curso:** a través deste proceso de avaliación inicial poderemos recoller información sobre o noso alumnado que nos sirva para establecer unha planificación á hora de programar e adaptar o proceso educativo ás características propias dos discentes. A información que extraeremos da avaliación inicial terá que ver tanto co nivel educativo do alumnado, como co seu contexto, así como diferentes datos sobre o grupo de aula e as súas formas de interacción. En definitiva, da avaliación inicial extraeremos información deste tipo:
 - Datos do contexto familiar e entorno do alumnado.
 - Avaliación das capacidades e coñecementos previos sobre o global da materia.

- Información sobre as interaccións dos discentes.
- Referentes para a concreción de medidas para a mellora do proceso de ensino e aprendizaxe.
- **Inicio de cada Bloque de Contidos/UD:** A avaliación ao principio de cada unidade didáctica axudaranos a entender mellor as ideas e coñecementos previos do noso alumnado sobre os contidos a tratar. Este proceso de avaliación levarase a cabo a través de:
 - Asembleas que presidirán o inicio de cada unidade, onde se realizarán debates guiados sobre a temática da dita UD.
 - Actividades lúdicas con base formativa.
- **Avaliación procesual:** Esta forma de avaliación permítenos realizar un xuízo de valor sobre a eficacia do traballo proposto e guiar as adaptacións que debamos tomar en función das dificultades encontradas. A avaliación procesual levarase a cabo ao longo de todo o curso, contribuindo así ao proceso de avaliación continua; para iso empregaremos diferentes métodos como a observación, toma de notas ou a revisión dos resultados, tanto dos traballos, como das actividades propostas.
- **Avaliación final:** Con fin de coñecer o grao de aprendizaxe que cada alumno obtivo ao final do proceso, segundo os obxectivos programados, tomaranse datos da avaliación formativa. Dito proceso levarase a cabo no final de cada trimestre, atendendo á **Orde do 12 de abril de 2024** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último, os resultados da avaliación final do alumnado expresaranse en termos de APTO ou NON APTO, e informárase ás familias de forma trimestral.

4.1. Criterios de Avaliación

Son os referentes específicos cos que avaliaremos o grado de consecución dos contidos e dos obxectivos propostos nesta PD. Estes están secuenciados por cursos e áreas do seguinte xeito:

4.1.1. Criterios de Avaliación Iniciación I

4.1.1.1. Criterios de Avaliación Música e Movemento I

BLOQUE I: Os Instrumentos e as Familias.	
CA1.1	Recoñece correctamente de xeito visual os instrumentos musicais.
CA1.2	Identifica auditivamente os instrumentos musicais.
CA1.3	Clasifica axeitadamente os instrumentos musicais en vento, corda e percusión.
CA1.4	Emprega o vocabulario específico de xeito adecuado.

BLOQUE II: Linguaxe Musical.	
CA2.1	Coñece, identifica e representa a clave de Sol.
CA2.2	Recoñece e diferencia compases de 2/4 e 4/4.
CA2.3	Identifica as figuras musicais: redonda, branca e negra.
CA2.4	Sinala os elementos das figuras musicais: cabeza e plica.
CA2.5	Emprega o vocabulario específico de xeito adecuado.

BLOQUE III: Calidades do Son.	
CA3.1	Coñece e comprende as calidades básicas do son.
CA3.2	Distingue de xeito auditivo as dinámicas musicais <i>piano</i> e <i>forte</i> .
CA3.3	Clasifica de xeito correcto sons atendendo a clasificación das calidades do son.

BLOQUE IV: Ritmo e Lectura.	
CA4.1	Mantén un pulso estable nas reproducións de patróns rítmicos.
CA4.2	Comprende a diferenza entre son e silencio.
CA4.3	Entoa as notas: Do4, Mi4 e Sol4.
CA4.4	Identifica o corpo como un instrumento rítmico e de expresión corporal.

4.1.1.2. Criterios de Avaliación Práctica Instrumental I

BLOQUE I: Interpretación Vocal.	
CA1.1	Vocaliza e respira axeitadamente na fala.
CA1.2	Interpreta adecuadamente obras vocais con acompañamento.
CA1.3	Mantén una boa hixiene postural á hora de cantar.
CA1.4	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a interpretación en conxunto.
CA1.5	Mostra respecto polas creacións e interpretacións propias e alleas.

BLOQUE II: Interpretación Instrumental.	
CA2.1	Percibe a relaxación como parte da interpretación instrumental.
CA2.2	Emprega adecuadamente os PAI.

CA2.3	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a interpretación en conxunto.
CA2.4	Mostra respecto polas creacións e interpretacións propias e alleas.

BLOQUE III: Audición Activa.	
CA3.1	Comprende e respecta as normas xerais de comportamento durante as audicións musicais.
CA3.2	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a audición.
CA3.3	Asiste gustosamente a representacións musicais.

4.1.2. Criterios de Avaliación Iniciación II

4.1.2.1. Criterios de Avaliación Música e Movemento II

BLOQUE I: Os Instrumentos e as Familias.	
CA1.1	Recoñece correctamente de xeito visual os instrumentos.
CA1.2	Identifica auditivamente os instrumentos musicais.
CA1.3	Clasifica axeitadamente os instrumentos musicais en familias.
CA1.4	Recoñece as diferencias entre as agrupacións instrumentais: orquestra sinfónica e banda de música.
CA1.5	Emprega o vocabulario específico de xeito adecuado.

BLOQUE II: Linguaxe Musical.	
CA2.1	Emprega correctamente as normas básicas de escritura musical.

CA2.2	Identifica no pentagrama as notas musicais dende o Do4 ata o Do5.
CA2.3	Coñece, identifica e representa correctamente a clave de Sol.
CA2.4	Recoñece e diferencia compases de 2/4 e 4/4.
CA2.5	Emprega axeitadamente os termos pulso, acento e compás.
CA2.6	Identifica as figuras musicais, os silencios e o valor de ambos: redonda, branca e negra.
CA2.7	Sinala acertadamente os elementos das figuras musicais: cabeza e plica.
CA2.8	Emprega o vocabulario específico de xeito adecuado.

BLOQUE III: Calidades do Son.	
CA3.1	Explica correctamente as calidades básicas do son.
CA3.2	Distingue de xeito auditivo as dinámicas musicais <i>piano</i> e <i>forte</i> .
CA3.3	Emprega as abreviaturas das dinámicas musicais de xeito adecuado.
CA3.4	Clasifica de xeito correcto sons atendendo a clasificación das calidades do son.

BLOQUE IV: Ritmo e Lectura.	
CA4.1	Mantén un pulso estable na lectura rítmica.
CA4.2	Identifica e interpreta as fórmulas rítmicas sinxelas.
CA4.3	Respecta os silencios e a súa duración.
CA4.4	Recoñece e lee axeitadamente compases de 2/4 e 4/4.
CA4.5	Entoa de forma afinada as notas: Do4, Mi4 e Sol4.
CA4.6	Reproduce adecuadamente ditados rítmicos sinxelos.

CA4.7	Identifica o corpo como un instrumento rítmico e de expresión corporal.
-------	---

4.1.2.2. Criterios de Avaliación Practica Instrumental II

BLOQUE I: Interpretación Vocal.	
CA1.1	Vocaliza e respira axeitadamente na fala e no canto.
CA1.2	Interpreta adecuadamente obras vocais con acompañamento.
CA1.3	Mantén una boa respiración á hora de cantar.
CA1.4	Mantén una boa hixiene postural á hora de cantar.
CA1.5	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a interpretación en conxunto.
CA1.6	Mostra respecto polas creacións e interpretacións propias e alleas.

BLOQUE II: Interpretación Instrumental.	
CA2.1	Percibe a relaxación como parte da interpretación instrumental.
CA2.2	Interpreta adecuadamente obras instrumentais con acompañamento.
CA2.3	Emprega adecuadamente os PAI e PAD.
CA2.4	Demuestra sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
CA2.5	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a interpretación en conxunto.
CA2.6	Mostra respecto polas creacións e interpretacións propias e alleas.

BLOQUE III: Audición Activa.	
CA3.1	Comprende e respecta as normas xerais de comportamento durante as audicións musicais.
CA3.2	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a audición.
CA3.3	Recoñece e clasifica o son de agrupacións e instrumentos nas audicións.
CA3.4	Asiste gustosamente a representacións musicais.

4.1.3. Criterios de Avaliación Iniciación III

4.1.3.1. Criterios de Avaliación Música e Movemento III

BLOQUE I: Os Instrumentos e as Familias.	
CA1.1	Recoñece correctamente de xeito visual os instrumentos.
CA1.2	Identifica auditivamente os instrumentos musicais.
CA1.3	Clasifica e ordena axeitadamente os instrumentos musicais en familias e subfamilias.
CA1.4	Recoñece as diferencias entre as agrupacións instrumentais: orquestra sinfónica, banda de música, ensembles e grupos de cámara.
CA1.5	Comprende a produción do son de cada familia de instrumentos.
CA1.6	Emprega o vocabulario específico de xeito adecuado.

BLOQUE II: Linguaxe Musical.	
CA2.1	Emprega correctamente as normas de escritura musical.
CA2.2	Identifica no pentagrama as notas musicais dende o Do4 ata o Si5.

CA2.3	Comprende as diferencias entre a clave de Fa e a clave de Sol.
CA2.4	Recoñece e diferencia compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
CA2.5	Emprega axeitadamente os termos pulso, acento e compás.
CA2.6	Identifica as figuras musicais, os silencios e o valor de ambos.
CA2.7	Sinala acertadamente os elementos das figuras musicais: cabeza, plica e corchete.
CA2.8	Emprega correctamente os termos: adagio, andante e allegro.
CA2.9	Recoñece os signos de repetición na partitura.
CA2.10	Emprega o vocabulario específico de xeito adecuado.

BLOQUE III: Calidades do Son.	
CA3.1	Explica correctamente as calidades básicas do son.
CA3.2	Distingue de xeito auditivo as dinámicas musicais.
CA3.3	Emprega as abreviaturas das dinámicas musicais de xeito adecuado.
CA3.4	Clasifica de xeito correcto sons atendendo a clasificación das calidades do son.

BLOQUE IV: Ritmo e Lectura.	
CA4.1	Mantén un pulso estable na lectura rítmica.
CA4.2	Marca axeitadamente o acento durante a lectura rítmica.
CA4.3	Identifica e interpreta as fórmulas rítmicas básicas.
CA4.4	Respecta os silencios e a súa duración.
CA4.5	Recoñece e lee axeitadamente compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
CA4.6	Emprega adecuadamente os signos musicais de prolongación.

CA4.7	Entoa de forma afinada, as notas dende o Do4 ata o Do5.
CA4.8	Transcribe adecuadamente ditados sinxelos.
CA4.9	Emprega o corpo como un instrumento rítmico e de expresión corporal.

4.1.3.2. Criterios de Avaliación Práctica Instrumental III

BLOQUE I: Interpretación Vocal.	
CA1.1	Vocaliza e respira axeitadamente na fala e no canto.
CA1.2	Interpreta adecuadamente obras vocais con acompañamento.
CA1.3	Interpreta adecuadamente obras vocais sen acompañamento.
CA1.4	Recoñece e arranxa problemas na afinación en conxunto.
CA1.5	Mantén una boa respiración á hora de cantar.
CA1.6	Mantén una boa hixiene postural á hora de cantar.
CA1.7	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a interpretación en conxunto.

BLOQUE II: Interpretación Instrumental.	
CA2.1	Percibe a relaxación como parte da interpretación instrumental.
CA2.2	Interpreta adecuadamente obras instrumentais con acompañamento.
CA2.3	Interpreta adecuadamente obras instrumentais sen acompañamento.
CA2.4	Emprega adecuadamente os PAI e PAD.
CA2.5	Demostra sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.
CA2.6	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a interpretación en conxunto.

CA2.7	Mostra respecto polas creacións e interpretacións propias e alleas.
-------	---

BLOQUE III: Audición Activa.	
CA3.1	Comprende e respecta as normas de comportamento durante as audicións musicais.
CA3.2	Recoñece o silencio como un elemento indispensable para a audición.
CA3.3	Recoñece e clasifica o son de voces e instrumentos nas audicións.
CA3.4	Asiste gustosamente a representacións musicais.

5. Atención á Diversidade

É importante ter en conta a diversidade do alumnado, e como docente, o meu obxectivo é abordala desde unha perspectiva inclusiva. Para logralo, optamos polo emprego do **Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)**, que nos permite adaptar o currículo ás características da aula e eliminar as barreiras que poidan obstaculizar o acceso, a aprendizaxe e a participación de todos os estudantes.

Segundo Gardner na súa Teoría das Intelixencias Múltiples, todos os seres humanos temos todas as intelixencias, pero non hai dúas persoas cos mesmos perfís de intelixencia, nin sequera os xemelgos teñen o mesmo patrón. Polo tanto, se cada un de nós temos un perfil de intelixencia distinto e temos máis desenvolvidas unhas intelixencias que outras, aprendemos de maneiras distintas e teremos unhas habilidades concretas. Desta maneira, os métodos que utilizaremos deberán ter en conta dous aspectos:

- Debemos **personalizar as aprendizaxes**: Os centros educativos deben permitir que cada un aprenda da mellor maneira e demostre a súa aprendizaxe da maneira coa que se exprese mellor.
- Debemos **pluralizar as aprendizaxes**: Os centros educativos teñen que diversificar a maneira en que ensinan para que todos os alumnos teñan as mesmas posibilidades de comprendérmonos. O pluralismo é a maneira de comprender un concepto da maneira máis rica.

Polo tanto, a inclusión educativa non só consiste en tratar a alumnos con características específicas ou síndromes, senón que cada un dos alumnos ten un ritmo diferente e iso debemos telo en conta, e así queda patente no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia:

“O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza.”

Na aula de música, utilizaremos a interpretación musical como unha formación inclusiva, posto que a distribución e adecuación do material que interpretaremos terá distintas partes de diferentes niveis, resultando desta maneira a conciliación dos distintos niveis que coexisten na aula, ofrecendo a cada alumno unha función acorde coas súas características. Así, todos os perfís que convivan na aula estarán perfectamente atendidos segundo as súas

necesidades, formando parte dun todo que se resume na interpretación grupal, asumindo e reforzando as individualidades do alumnado.

A nosa función como docentes está en conseguir que todos reciban unha educación de calidade, que acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades sen renunciar a que o fagan en condicións de igualdade sen exclusións, nun espazo social normalizado e interactivo. En coherencia con estes principios metodolóxicos, recóllense as seguintes orientacións didácticas:

- A utilización flexible dos tempos da clase facilita as iniciativas do profesorado no desenvolvemento dos proxectos interdisciplinarios e a atención á diversidade.
- O uso do espazo en función da situación de ensino e aprendizaxe permite a utilización de espazos diferenciados con fin de favorecer e incentivar os procedementos de indagación, procura e consulta de información.
- Os agrupamentos deben ser flexibles para que as actividades respondan ás intencións educativas e permitan responder á diversidade do alumnado.
- Os materiais deben ser variados para dar resposta á complexidade de situacións, de intereses e de estilos de aprendizaxe. A súa elección axustarase ás características do alumnado e evitarse, especialmente nesta etapa, o uso do texto único.
- As actividades do alumnado deben ser variadas e estar organizadas en función dunha secuencia coherente. Trátase de asegurar o desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe de recollida e organización da información; de revisión, de análise; de procura de

alternativas; de síntese e avaliación; de reforzo, ampliación e xeneralización.

Por último, a ensinanza musical, ademais de contribuír á consecución duns obxectivos propios da área, contribúe á adquisición dunha serie de competencias básicas como as sociais e comunicativas, a capacidade de atención ou as destrezas motoras. Así esta, resulta positiva para todo o alumnado, tanto se presenta necesidades específicas de apoio educativo, coma se non.

Segundo Manuela Carmen Prause-Weber, “O peso principal debe recaer no aspecto artístico; pois canto máis artística é a música, máis capaz é de estimular a psique.”